

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

O Concello de Moraña, amosando a súa preocupación pola conservación do noso contorno medioambiental, considera fundamental asumir compromisos concretos neste eido, polo que ven de solicitar a súa inclusión na Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade.

A Carta de Aalborg+10, documento que incide na responsabilidade dos gobernos municipais no desenvolvemento sostible, marca unha serie de obxectivos a cumprir dende a administración local. A ratificación desta carta por parte do noso concello supón un importante paso nesta dirección, asumindo o compromiso de implantar políticas municipais dirixidas a de cara a avanzar no horizonte da sustentabilidade, considerándoa un pír esencial no desenvolvemento socioeconómico.

Traballar cara a sustentabilidade do concello implica reducir os impactos ambientais ao mínimo en tódolos ámbitos, mediante a aplicación de medidas coma o aforro enerxético, o emprego de enerxías renovables, a minimización e recollida selectiva de residuos, e a adopción de criterios de consumo responsable.

Tal e como se menciona na Carta de Aalborg+10, é fundamental que o conxunto da poboación participe neste proceso, asumindo comportamentos e fixando condutas activas de protección ó noso medio ambiente, polo que nos comprometemos a implicar a toda a cidadanía, mediante accións de información e sensibilización en tódolos eidos:

familia, escola, sector empresarial, lecer, etc. Así pois, animamos a todos e todas a formar parte activamente deste proxecto común: unha Moraña comprometida coa sostibilidade.

O alcalde

Asdo. José Amador Eiras Paz